



# AS EMPRESAS NON REGALAN NADA, TAMPOUCO NAVANTIA

O posturo e as apariencias son a tónica desta botadura, na liña dunha empresa pública que parece dirixida por *influencers*.

O custe da cerimonia será alto. Para saraos, hai cartos dabondo. Pero para mellorar as condicións laborais, tanto da principal como das compañías auxiliares, **non**.

Navantia leva desde o 1 de xaneiro de 2022 sen convenio colectivo. Os traballador@s demandamos melloras salariais que corrixan o empobrecemento ao que estamos sometidos, moi especialmente as novas incorporacións.

A Industria Auxiliar viviu este verán dous grandes conflitos en Cartagena e Cádiz. Unha vez máis, a dirección de Navantia manobrou contra os traballador@s: en Cartagena, os esquiros entraron desde o Arsenal Militar; en Cádiz, traballador@s da principal realizaron o traballo dos compañeiros en folga, algo totalmente ilegal.

Volveremos ver a mesma actitude hostil cando o ano que vén se negocie o Convenio Provincial do Metal da Coruña, ó que pertencen a maioría dos traballador@s subcontratados nas factorías de Navantia na nosa ría.

Ningunha sorpresa: a pesar da cara *fashion* que a empresa quere vender en público, a realidade é moi distinta. Navantia ten condenas en firme por violar os seguintes preceptos legais:

- ✓ O principio de igualdade, mérito e capacidade no acceso ó emprego público.
- ✓ O convenio colectivo.

- ✓ A liberdade sindical.
- ✓ Os dereitos fundamentais dos traballador@s (prestamismo laboral).
- ✓ Lei de Prevención de Riscos Laborais.

A isto se lle pode engadir que un xuíz acusou a Navantia de romper a boa fe procesal, que unha candidata foi excluída das prazas de ingreso por “exceso de madurez persoal e exceso de coñecemento profesional”, que houbo que presentar unha denuncia (que gañamos) porque RRHH lle roubaba días de vacacións ós traballador@s de novo ingreso, etc., etc., etc.

E todo isto non aconteceu nun pasado remoto. Estas sentenzas que condenaron a Navantia por violacións dos dereitos laborais son dos tres últimos anos. Por iso é dobremente penoso: porque estas actitudes antiobreiras dunha empresa que é 100% pública acontecen cun goberno que se autocualifica como o máis progresista da historia.

E hoxe tampouco queremos esquecer o xenocidio que o pobo palestino está a sufrir a mans do réxime nazisionista de Israel.

A **CGT** esixe do Goberno PSOE-Sumar a ruptura total de relacións con Israel, que Navantia rompa inmediatamente toda relación coa empresa israelí Elbit Systems, implicada directamente no xenocidio, e que estes barcos que os traballador@s construímos non participen en dispositivos de apoio a Israel, como pasou con algunha das fragatas actualmente en servizo.

*Ferrol, 11/9/2025*

